

## ANEXO VIII

## LOGOTIPOS

Ministerio de Trabajo e Inmigración



Secretaría Xeral da Emigración



*Resolución do 29 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.*

A Comunidade Autónoma galega participa nos últimos anos do crecemento que a poboación inmigrante extracomunitaria está a experimentar en España. O incremento desta poboación e a necesidade de abordar esta nova realidade, fan necesario levar a cabo o desenvolvemento de políticas de apoio á inmigración que permitan incrementar os esforzos humanos e orzamentarios dedicados aos procesos da súa integración.

O Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración, 2008-2011, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en febreiro de 2008, inclúe trece obxectivos, con liñas de actuación e accións concretas. A través desta resolución de axudas, deses trece obxectivos incídese en accións que afecten seis obxectivos, que son, educación, emprego, vivenda, muller, servizos sociais e sensibilización.

Por outra banda, a Administración do Estado e as comunidades autónomas elaboraron un Marco de Cooperación para a xestión do Fondo de Apoio á Acollida e á Integración de Inmigrantes, así como o seu Reforzo Educativo que foi creado no ano 2005. O crédito destinado a este fondo e un novo marco de cooperación definen os eixes de actuación en que se enmarcan as liñas de acción que deben desenvolver as comunidades autónomas.

Os recursos do dito fondo permiten á Comunidade Autónoma de Galicia aunar esforzos e abordar desde unha concepción ampla a integración da poboación inmigrante extracomunitaria, permitindo que a actual sociedade, cada vez máis dinámica e complexa, se vexa beneficiada coa efectiva inserción destes colectivos.

Non pode descoñecerse que a integración en materia de inmigración require a participación de todos

os axentes implicados, tanto públicos como privados, pero é salientable o papel que desempeñan os entes locais no desenvolvemento de programas de integración, polo que, a través desta resolución, se regula a concesión de axudas, en concorrencia competitiva, a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria e conseguir a súa incorporación e participación en todos os ámbitos da sociedade galega.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, configura a Secretaría Xeral da Emigración como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en política inmigratoria en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral da Emigración a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Esta convocatoria, ademais das bases establecidas nela, adáptase ao disposto na normativa de aplicación, especialmente á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O financiamento das axudas previstas nesta resolución de convocatoria farase con cargo ao crédito da aplicación orzamentaria 04.50.312C.460.0 que figura na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que me confire a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica

nica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

**RESOLVO:**

**Artigo 1º.-Obxecto.**

O obxecto da resolución é regular os requisitos e condicións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega, así como o seu reforzo educativo, no ano 2009.

**Artigo 2º.-Requisitos das entidades solicitantes.**

1. As subvencións que convoca esta resolución poderán ser solicitadas por aqueles concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais da Comunidade Autónoma galega que cumpran, na data do remate do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

Desenvolver actuacións que favorezan a integración do colectivo inmigrante na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non incorrer en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións, enumeradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ter xustificado as subvencións concedidas por este departamento no ano 2008.

2. As entidades locais que teñan subscrito algún convenio coa Secretaría Xeral da Emigración poderán igualmente presentar solicitudes de subvención ao abeiro desta resolución, sempre que as actuacións propostas sexan distintas a aquelas financiadas a través dos convenios en vigor.

3. Os solicitantes deberán manter os requisitos exixidos durante todo o exercicio económico para o que se concede a subvención.

**Artigo 3º.-Orzamento.**

1. A concesión de axudas previstas nesta resolución de convocatoria farase con cargo ao crédito da aplicación orzamentaria 04.50.312C.460.0 (940.000 euros) que se inclúe nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, quedando condicionada a concesión destas axudas ao dito límite orzamentario.

2. A contía das axudas que sexan recoñecidas ao abeiro desta resolución ascende a un total de 940.000 euros, coa seguinte distribución:

-Eixe de educación: 260.000 euros.

-Eixe de emprego: 200.000 euros.

-Eixe de vivenda: 75.000 euros.

-Eixe de servizos sociais: 230.000 euros.

-Eixe de muller: 175.000 euros.

3. Se como resultado da presentación de solicitudes e das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución, algún dos eixes subvencionables, a excepción do eixe de educación, non resultase cuberto na totalidade da contía prevista anteriormente, poderase proceder a unha redistribución da contía non cuberta entre todos ou algúns dos eixes restantes.

4. As asignacións orzamentarias poderán ser incrementadas de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, e deberanse, neste suposto, distribuír por eixes.

**Artigo 4º.-Accións subvencionables e contía da axuda.**

1. A contía concreta e certa da subvención determinarase en cada caso tendo en conta o custo do proxecto presentado obxecto de subvención e da aplicación dos criterios de valoración establecidos nesta resolución, e poderán alcanzar o 100% do investimento aqueles proxectos que obtivesen o máximo número de puntos previstos no artigo 6º, de acordo co número de entidades beneficiarias e as dispoñibilidades orzamentarias.

2. Poderán subvencionarse con cargo a esta resolución os gastos correntes, incluídos os custos indirectos de acordo co artigo 29.9º da Lei de subvencións de Galicia, que se lles orixinen aos concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais aos cales se lles conceda a subvención para a realización dos programas previstos no artigo 5º.

3. O órgano competente, de ser o caso, procederá á distribución entre os beneficiarios do importe global máximo destinado ás subvencións.

**Artigo 5º.-Eixes e programas subvencionables.**

Con cargo a esta resolución só poderán subvencionarse proxectos e accións referidos aos eixes e programas que se detallan a continuación:

**1.1. Eixe de educación.**

1.1.a) Programas de acollida educativa: información, orientación e acompañamento para o acceso e a integración no sistema educativo; prevención do absentismo escolar.

A través destes programas realizaranse accións de información, orientación e acompañamento destinadas a facilitar o acceso e a integración no sistema educativo. Tamén se incluírán neste punto actividades de prevención do absentismo escolar.

1.1.b) Programa de reforzo educativo: programas de apoio e compensación educativa en centros escolares; aprendizaxe das linguas da sociedade de aco-

llida; e reforzo do sistema de axudas no ámbito escolar.

Co obxectivo de atender o desfase curricular derivado da procedencia doutros sistemas educativos ou escolarizacións anteriores deficientes, desenvolveranse accións de compensación e reforzo educativo para o alumnado inmigrante en Galicia, así como aquelas accións encamiñadas á aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida. Neste programa tamén se realizarán accións que terán por obxecto reforzar as axudas no ámbito escolar a través de bolsas e axudas de comedor, transporte e material escolar.

1.1.c) Programa de promoción da educación cívica intercultural.

Este programa terá por finalidade a realización de actividades de educación intercultural e para a tolerancia, a través de prácticas e talleres educativos, xogos infantís e outras actividades similares; co fin de promover o mutuo coñecemento e o respecto das características propias de cada cultura, as linguas de orixe e fomentar actitudes positivas ante o feito da diversidade entre a poboación escolar galega.

1.1.d) Programa de reforzo da escolarización dos alumnos de orixe inmigrante en etapas escolares non obrigatorias.

Este programa irá dirixido ao reforzo da escolarización dos alumnos de orixe inmigrante en etapas escolares non obrigatorias: educación infantil, educación post-secundaria.

1.1.e) Fomento de actuacións coordinadas entre os centros educativos e o seu contorno e de actividades de educación non formal e extracurriculares.

Fomentarase a coordinación entre os centros educativos e o seu contorno, reforzándose a participación do alumnado inmigrante en actividades extraescolares.

1.2. Eixe de emprego.

1.2.a) Apoio a programas de acceso, mantemento e promoción do emprego.

Co obxectivo de facilitar a inserción laboral dos inmigrantes, desenvolveranse actividades de asesoramento, así como accións formativas, mediadoras e de acompañamento, e todas aquelas outras que contribúan a incrementar a empregabilidade do colectivo.

1.2.b) Reforzo da participación de inmigrantes nas políticas activas de emprego, itinerarios integrados de inserción sociolaboral, e colaboración con entidades de intermediación laboral.

A través deste programa trátase de cubrir todas as posibilidades de acceso ao emprego, intentando ao mesmo tempo servir como canle de integración social.

1.2.c) Fomento da iniciativa empresarial e o traballo por conta propia ou traballo asociado (autoemprego, microcréditos e economía social).

Este programa ten por obxecto o desenvolvemento de accións de asesoramento e apoio aos inmigrantes para promover proxectos de autoemprego, creación de pequenas empresas e entidades de economía social na Comunidade Autónoma galega, a través de accións de formación, titorización, acompañamento e seguimento que contribúan á súa posta en funcionamento e/ou á súa consolidación.

1.2.d) Apoio a programas de conciliación da vida familiar e laboral.

Nesta medida inclúense accións de apoio a programas de conciliación da vida familiar e laboral, que permitan minorar ou paliar as dificultades derivadas da incorporación ao mercado de traballo da poboación inmigrante, e mellorar a convivencia entre as responsabilidades laborais e o desenvolvemento da vida persoal e privada.

1.3. Eixe de vivenda.

1.3.a) Información e orientación sobre recursos de aloxamento na fase de asentamento inicial e reforzo de programas de intermediación no mercado de vivenda.

Nesta medida inclúense accións de información, asesoramento e orientación sobre os posibles recursos de aloxamento na fase de acollida inicial; e todas aquelas encamiñadas a reforzar os programas de intermediación no mercado de vivenda.

1.3.b) Apoio a programas de intervención en contornos con alta presenza de inmigrantes

Ten por obxecto o desenvolvemento de actuacións que posibiliten o acceso á vivenda en aluguer da poboación inmigrante, mediante a posta en práctica de accións tendentes a remover obstáculos tales como: facilitación de constitucións de avais e garantías aos propietarios e outras medidas.

1.3.c) Programa de inserción de familias inmigrantes en contornos con escasa poboación, no marco do proxectos de desenvolvemento local.

Co obxecto de frear o éxodo no ámbito rural e ao mesmo tempo contribuír á integración social da poboación inmigrante, desenvolveranse accións que favorezan o asentamento de familias inmigrantes naqueles contornos rurais con escasa poboación.

1.4. Eixe de servizos sociais.

1.4.a) Programa de reforzo dos recursos organizativos e humanos dos servizos sociais de atención primaria, co obxecto de atender os factores socioculturais da poboación inmigrante.

Incluirase o reforzo tanto dos recursos organizativos como humanos dos servizos sociais de atención

primaria co obxecto de atender os factores socioculturais da poboación inmigrante.

1.4.b) Programa de formación de profesionais na atención á poboación de distintas orixes e culturas e mediación intercultural.

Desenvolveranse actividades formativas e informativas sobre accións de axuda e inserción laboral, dirixidas a profesionais que traballan con persoas inmigrantes, co obxecto de transmitir-lles os coñecementos específicos que lles permitan aumentar a eficacia dos programas de inserción sociolaboral que desenvolven en relación co dito colectivo.

1.5. Eixe de muller.

1.5.a) Apoio ao acceso normalizado das mulleres inmigrantes en programas dirixidos á poboación en xeral e a programas específicos para mulleres.

As actuacións que se enmarquen dentro deste programa irán dirixidas exclusivamente a mulleres inmigrantes da nosa comunidade autónoma: educación de adultos, formación profesional, cursos de habilidades sociais, inserción laboral e educación para a saúde.

1.5.b) Actuacións dirixidas a facilitar a integración social das mulleres inmigrantes que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade.

Este programa engloba as accións dirixidas a facilitar a integración social das mulleres inmigrantes que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade, especialmente aquelas que sexan vítimas da violencia de xénero. Entre as accións que se van desenvolver dentro deste programa inclúense aquelas destinadas a proporcionar información e asesoramento, inserción social e laboral, accións formativas, educación para a saúde e aprendizaxe de habilidades sociais, entre outras.

2. Estes programas ou accións poderán ser xestionados directamente polos concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais ou poden ser obxecto dunha xestión indirecta a través doutras entidades ou asociacións colaboradoras sen ánimo de lucro, sen que en ningún caso se poida limitar o acceso a eles da poboación inmigrante en xeral, e sen prexuízo de que se poidan establecer criterios obxectivos e públicos de prelación.

Artigo 6º.-*Criterios para a concesión das axudas.*

1. A comisión de avaliación propondrá tanto as entidades beneficiarias como a contía da subvención que se vai conceder a cada unha delas, en función dos seguintes criterios de valoración:

1.1. Calidade do programa e actuacións presentadas (ata 70 puntos).

Valorarase o interese xeral, contido técnico do programa e a súa adecuación aos obxectivos propostos, a descrición das actuacións concretas que se vaian desenvolver e o seu carácter innovador, así como a

incorporación da perspectiva de xénero e igualdade de trato.

1.2. Poboación total e extracomunitaria empadroada o 1 de xaneiro de 2008 (ata 10 puntos). Para estes efectos, teranse en conta os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística o 1 de xaneiro de 2008.

1.3. Entidades locais con plans locais de integración da poboación inmigrante (ata 10 puntos).

1.4. Desenvolvemento no ano 2008 por parte da entidade de accións no ámbito da atención a inmigrantes obxecto desta resolución (ata 10 puntos).

1.5. Emprego da lingua galega na realización das actividades (ata 5 puntos).

2. Se unha actuación ou proxecto concreto para a que se solicita a subvención puidese encaixar nun eixe ou programa distinto do indicado pola entidade solicitante, o órgano competente poderá situar a actuación concreta naquel eixe ou programa dos reflectidos no artigo 5 que resulte máis favorable para a concesión da subvención.

3. Na concesión das subvencións a comisión de valoración terá en conta a existencia ou subvención de servizos ou actividades que cubran os mesmos eixes subvencionables no mesmo ámbito territorial ou subxectivo, realizadas polas entidades solicitantes da subvención ou outras entidades.

4. A consecuencia da aplicación dos criterios de valoración previstos neste artigo, as entidades que resulten beneficiarias poderán recibir unha contía certa de subvención que poderá ser o custo total ou parcial dos previstos no orzamento total presentado coa solicitude, sen que en ningún caso poida superar este. A comisión poderá, en canto á calidade do programa, establecer un mínimo de puntuación a partir do cal non se valoren os proxectos por considerarse que non se adecúan á calidade exixida nas bases e, en todo caso, para poder ser obxecto de subvención deberá alcanzarse como mínimo 20 puntos como suma dos puntos obtidos na valoración dos criterios, salvo que exista remanente orzamentario que se aplicará aos proxectos seguintes en puntos de acordo aos criterios establecidos no punto anterior.

Artigo 7º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes de axudas dirixiranse á Secretaría Xeral da Emigración (rúa Basquiños, 2; 15704 Santiago de Compostela. A Coruña), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Ao abeiro desta convocatoria de subvencións, só poderá presentarse unha única solicitude por entidade no suposto de presentar varias solicitudes estas consideraranse e tramitaranse como unha única solicitude.

3. De acordo co establecido no artigo 50 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, o prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación deste resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo co anterior, e sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte, o último día do prazo será o equivalente do mes seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Se no mes de vencemento non houbera día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. No caso de que o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

#### Artigo 8º.-*Documentación.*

1.- As solicitudes presentaranse segundo o modelo establecido como anexo I a esta resolución, debendo relacionarse todos os proxectos para os que a entidade solicita a subvención indicando, expresamente, o eixe e o programa do artigo 5 nos que se incardinarían estes. Non se poderá presentar un mesmo proxecto ou acción que se incardine en máis dun programa.

No suposto de erro na indicación do programa dentro dun mesmo eixe, a Administración, de oficio, procederá á súa corrección.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación en orixinal ou copia debidamente compulsada:

1.1. Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

1.2. Ficha de solicitude de transferencia bancaria de acordo co modelo do anexo II.

1.3. Memoria de cada un dos programas para os que se solicita a subvención.

1.4. Fichas explicativas do programa e das actividades de acordo co modelo recollido no anexo III.

1.5. Declaración de axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas, Unión Europea ou calquera outro ente público ou privado, para o que poderá utilizarse o modelo do anexo IV.

1.6. Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, para o que poderá utilizarse o modelo do anexo V.

1.7. Certificación da entidade en que conste o seguinte:

a) O acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención.

b) Capacidade de representación legal do asinante da solicitude naqueles supostos que o asinante sexa persoa distinta daquela que teña o cargo de alcalde/sa ou presidente/a da entidade local.

c) Se é o caso, aprobación do Plan local de integración da poboación inmigrante.

1.8 No seu caso, copia do Plan local de integración da poboación inmigrante, que poderá remitirse en formato electrónico.

2. A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a Secretaría Xeral da Emigración requirirá o interesado para que, nun prazo máximo de dez días hábiles desde a súa notificación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se entenderá por desistido da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei 30/1992. Os devanditos requirimentos, que serán notificados aos interesados, serán igualmente obxecto de comunicación ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude, entendéndose cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, debe significarse que o prazo de dez días para emendar a falta ou achegar os documentos compútase desde a notificación do requirimento e non desde a súa comunicación.

#### Artigo 9º.-*Procedemento de concesión da subvención.*

1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan por esta resolución axustarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes someteranse a un réxime de concorrencia competitiva tal como recolle a Lei de subvencións de Galicia no seu artigo 19.

2. Correspóndelle á Secretaría Xeral da Emigración, a realización das tarefas de xestión desta convocatoria, sempre de acordo coa existencia de dispoñibilidades orzamentarias. Para isto, crearase unha comisión de avaliación, que ademais será órgano

instructor, presidida polo/a subdirector/ra xeral de Xestión de Programas do Retorno e a Inmigración, ou persoa na que delegue, e composta polos seguintes membros:

-O/a xefe/a do Servizo de Programas e Atención Integral.

-O/a xefe/a do Servizo de Información e Tramitación de Subvencións.

-Un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión de avaliación poderá ser substituído pola persoa que para o efecto designe o secretario xeral da Emigración.

3. Os expedientes serán avaliados pola comisión segundo os criterios establecidos no artigo 6. Posteriormente a comisión elaborará unha proposta de concesión, a través da Subdirección Xeral de Xestión de Programas do Retorno e a Inmigración, que se presentarán ao secretario xeral da Emigración, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias.

#### Artigo 10º.-Resolución.

1. A competencia para resolver esta resolución de axudas corresponde ao secretario xeral da Emigración, que poderá realizalo por eixes, cos límites establecidos no artigo anterior.

2. As resolucións do secretario xeral da Emigración serán notificadas aos interesados. A Secretaría Xeral da Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións de contía igual ou superior a 3.000 euros concedidas a través desta convocatoria, indicando o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concreta concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses, que comezarán a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen e notificasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, nun prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou nun prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións

desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nun prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou nun prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

3. As entidades solicitantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### Artigo 11º.-Requisitos.

De acordo co artigo 60 da Lei 30/1992, a realización dos requisitos que procedan se poderán realizar por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web galiciaaberta.com.

A eficacia dos citados requisitos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar os requisitos ao enderezo de correo elec-

trónico, sempre que se indique na solicitude e, entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, debe significarse que os prazos de dez días computaranse desde a publicación dos requirimentos e non desde a súa comunicación.

*Artigo 12º.-Aceptación da subvención.*

No suposto de que a entidade non acepte a subvención concedida, deberá comunicarllo á Secretaría Xeral da Emigración no prazo máximo de dez días contados a partir da notificación da resolución.

No caso de renuncias por parte das entidades ás subvencións concedidas, poderanse ditar novas resolucións en función das disponibilidades orzamentarias derivadas das renuncias, sempre que existan entidades que, cumprindo os requisitos, non obtiveran a puntuación suficiente, en aplicación dos criterios de valoración, para ser beneficiarias da subvención.

*Artigo 13º.-Obrigas das entidades subvencionadas.*

1. Os beneficiarios destas axudas deberán:

a) Cumprir coa finalidade que fundamenta a concesión da subvención. En todo caso, as actuacións a subvencionar deberán realizarse no ano 2009 e antes da finalización do prazo de xustificación establecido no artigo 14 desta resolución.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade e o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinen a concesión da axuda ou subvención.

c) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información, a condición de entidade subvencionada polo Ministerio de Traballo e Inmigración e a Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos, de acordo cos modelos do anexo VIII desta resolución.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que considere oportuno a Secretaría Xeral da Emigración e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas segundo a lexislación vixente na materia, facilitando o seu labor de fiscalización e control.

e) As entidades locais beneficiarias da axuda deberán informar inmediatamente a Secretaría Xeral da Emigración, sobre calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento da actividade subvencionada.

2. Todos os proxectos ou accións obxecto de subvención a través desta resolución pasarán a formar parte do *Mapa de Recursos Migratorios*. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán informar a Secretaría Xeral da Emigración de todas as actuacións e calquera outra información solicitada en relación coa xestión da subvención concedida co fin

de que esta poida dar a difusión que considere oportuna por calquera medio, incluído a través da súa páxina web [galiciaaberta.com](http://galiciaaberta.com). O incumprimento do anterior poderá dar lugar á perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención ou a existencia do seu reintegro.

3. Os beneficiarios quedan obrigados a facilitar, á Secretaría Xeral da Emigración, o exame das actividades tanto na súa execución como con posterioridade ao seu remate, así como toda aquela información que lles sexa requirida, para o que garantirá o acceso dos representantes da secretaria xeral ao lugar das accións, ás contas e demais documentación que se considere oportuna.

*Artigo 14º.-Forma de xustificación e pagamento das subvencións.*

1. As entidades subvencionadas quedan obrigadas a xustificar os gastos correspondentes á aplicación da subvención concedida.

2. Poderán xustificarse con cargo á subvención recibida os gastos que se realicen desde o 1 de xaneiro de 2009 e antes da finalización do prazo de xustificación recollido neste artigo e de acordo coas accións recollidas nos distintos programas e eixes reflectidos na memoria presentada.

3. Poderán efectuarse pagamentos parciais, logo da xustificación, á conta da liquidación definitiva, de ata o máximo do 80% do importe da subvención concedida.

Para a xustificación, tanto parcial como final, os concellos, mancomunidades de concellos e os consorcios locais deberán presentar a seguinte documentación:

a) Certificación orixinal expedida polo órgano que teña atribuídas as correspondentes facultades de control na entidade local que acredite a realización dos gastos para os fins e programas establecidos nesta resolución e o importe a que ascenderon de acordo co modelo especificado no anexo VI. Igualmente a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, ao abeiro do artigo 28.5º da Lei 9/2007.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

c) No suposto de compatibilidade con outras axudas, deberá achegarse certificación da entidade en que conste que a suma de todas as axudas recibidas non supera o custo total dos proxectos, debendo cer-

tificarse igualmente a procedencia dos fondos, o seu importe, xustificación e aplicación.

d) Declaración acreditativa de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, para o que poderá utilizarse o modelo do anexo V.

4. A xustificación final da subvención deberá ir acompañada, ademais do establecido no punto anterior, da memoria técnica xustificativa da aplicación da subvención concedida e explicativa da execución de cada programa e actividades, de acordo co modelo especificado no anexo VII.

No suposto de ter concedida subvención ao abeiro do eixe 1.4 de servizos sociais, ademais do anterior deberán remitirse os seguinte indicadores:

a) Para o programa 1.4.a).

-Número de profesionais incorporados como reforzo nos servizos sociais de atención primaria.

-Número de mediadores interculturais contratados como reforzo deses servizos.

-Taxa de incremento dos recursos humanos nes servizos.

b) Para o programa 1.4.b).

-Número de profesionais dos servizos sociais formados en atención e mediación intercultural.

-Taxa de cobertura de profesionais formados.

5. O prazo de xustificación e entrega da totalidade da documentación será ata o 16 de novembro de 2009.

6. De non xustificaren o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se alcanzase a súa finalidade, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega ata o importe xustificado.

Non se considerará que incorre en incumprimento a entidade beneficiaria que realice parcialmente a actividade que é obxecto da subvención por falta de financiamento propio, sempre que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

7. A Secretaría Xeral da Emigración, en todo momento, poderá solicitar calquera outra documentación que considere oportuna para a xustificación da subvención.

*Artigo 15º.-Compatibilidade das axudas.*

As axudas concedidas en virtude desta resolución serán compatibles con outras, calquera que sexa a súa natureza, Administración ou entidade que llas conceda agás as derivadas de convenios subscritos coa Secretaría Xeral da Emigración para a mesma

finalidade e, en todo caso, tendo en conta que a suma de todas elas non poderá superar o custo total da actividade subvencionable. Para a determinación do cumprimento deste requisito, o beneficiario da axuda deberá informar no momento da solicitude e ao longo do ano 2009 de todas as axudas e subvencións que para o mesmo fin perciba de calquera entidade pública ou privada.

*Artigo 16º.-Modificación da resolución de concesión.*

As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das actividades, podendo a Secretaría Xeral da Emigración adoptar a resolución de modificación da concesión que corresponda de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 17º.-Reintegro.*

Procederá a apertura de expediente para o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 18º.-Instrucións e aclaracións.*

A Secretaría Xeral da Emigración poderá ditar as instrucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

*Artigo 19º.-Normativa de aplicación.*

En todo o demais, será de aplicación a lexislación básica do Estado sobre subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo); a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de desenvolvemento.

*Artigo 20º.-Recursos contra esta resolución.*

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2009.

J. Santiago Camba Bouzas  
Secretario xeral da Emigración





**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

*ANEXO I*

<p><b>PROCEDEMENTO</b></p> <p><i>SUBVENCIÓNS A CONCELLOS, MANCOMUNIDADES DE CONCELLOS E CONSORCIOS LOCAIS, PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE EXTRACOMUNITARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA, DURANTE O ANO 2009</i></p>	<p><b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b></p> <p><b>PR932A</b></p>	<p><b>DOCUMENTO</b></p> <p><b>SOLICITUDE</b></p>
---	---	--

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DO/A REPRESENTANTE**

APELLIDOS E NOME		NIF
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS		PROVINCIA
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO DO RESPONSABLE DO PROGRAMA		

A entidade solicitante dá o seu consentimento para incluír e facer públicos, no Rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no Rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non-autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e acepto, como representante da entidade que se indica, someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite, de ser o caso, e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, é informado de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta Secretaría como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

<p><b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b></p> <p><i>Resolución do 29 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega, durante o ano 2009.</i></p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE</p> <p style="text-align: center;">,                    de                    de</p>

(Para cubrir pola Administración)	
<p>RECIBIDO</p> <hr/>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <hr/>
<p>REVISADO E CONFORME</p> <hr/>	<p>DATA DE ENTRADA</p> <p>___/___/___</p>
	<p>DATA DE EFECTOS</p> <p>___/___/___</p>
	<p>DATA DE SAÍDA</p> <p>___/___/___</p>

Secretario xeral da Emigración

Rúa dos Basquiños, 2 - 15704 Santiago de Compostela

**EIXES E PROGRAMAS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN\***

A) EIXE	B)PROGRAMA	C)PROXECTO OU ACTUACIÓN	D) CUSTO TOTAL DO PROGRAMA	E) OUTRAS ACHEGAS (PROPIAS OU DOUTRAS ENTIDADES)	F) CONTÍA SOLICITADA
IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (suma das contías solicitadas por programas)					

A suma da alínea E e F deberá ser igual á contía da alínea D

\*Pode continuar en folia á parte

**ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO ANO 2008 NO ÁMBITO DA INMIGRACIÓN**

ACCIÓN	OBJECTO	COLECTIVO	ORZAMENTO

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE(marcar cun x o que corresponda)**

FOTOCOPIA COTEXADA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	<input type="checkbox"/>
FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA (ANEXO II)	<input type="checkbox"/>
MEMORIA DE CADA UN DOS PROGRAMAS	<input type="checkbox"/>
FICHA EXPLICATIVA DO PROGRAMA E DAS ACTIVIDADES (ANEXO III)	<input type="checkbox"/>
DECLARACIÓN DE AXUDAS (ANEXO IV)	<input type="checkbox"/>
DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA A ENTIDADE NA PROHIBIÇÃO DE OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO (ANEXO V)	<input type="checkbox"/>
DECLARACIÓN DE ACHARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS ECONÓMICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E COA SEGURIDADE SOCIAL (ANEXO V)	<input type="checkbox"/>
CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE (ARTIGO 8.1.1.7 DA CONVOCATORIA)	<input type="checkbox"/>
COPIA DO PLAN LOCAL DE INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE	<input type="checkbox"/>

*ANEXO II*

**FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA**

TITULAR/ES DA CONTA BANCARIA			CIF
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

**CERTIFICO:**

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

SINATURA E SELO DA ENTIDADE BANCARIA

## ANEXO III

**FICHA EXPLICATIVA DO PROGRAMA**  
**(Deberá achegarse unha memoria por cada programa que se vaia desenvolver)**

DENOMINACIÓN DO EIXE			
<input type="text"/>			
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA			
<input type="text"/>			
CONCELLO/MANCOMUNIDADE/CONSORCIO			
<input type="text"/>			
RESPONSABLE DO PROGRAMA			
<input type="text"/>			
TELÉFONO DE CONTACTO		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO E A XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA			
<input type="text"/>			
OBJECTIVOS			
<input type="text"/>			
<b>ORZAMENTO PREVISTO</b>			
ACHEGA PROPIA	ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN	OUTRAS ACHEGAS	TOTAL DO PROGRAMA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>RECURSOS NECESARIOS</b>			
HUMANOS	Propios <input type="text"/>	Voluntarios <input type="text"/>	
OUTROS RECURSOS E INFRAESTRUTURAS			
<input type="text"/>			
<b>RELACIÓN DE ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER DENTRO DO PROGRAMA</b>			
Nº DE FICHA	DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE		
1	<input type="text"/>		
2	<input type="text"/>		
3	<input type="text"/>		
4	<input type="text"/>		
5	<input type="text"/>		
6	<input type="text"/>		
7	<input type="text"/>		
8	<input type="text"/>		
9	<input type="text"/>		
10	<input type="text"/>		
OBSERVACIÓNS			
<input type="text"/>			

**FICHA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE**  
 (Deberá achegarse unha ficha por cada actividade que se vaia desenvolver)

EIXE <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>			
PROGRAMA <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>			<input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>		NÚMERO DE FICHA <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:98%; height: 55px;" type="text"/>			
ÁMBITO E LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:98%; height: 55px;" type="text"/>			
COLECTIVOS A QUE VAI DIRIXIDO <input style="width:98%; height: 55px;" type="text"/>			
TIPOLOXÍA DOS DISPOSITIVOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE <input style="width:98%; height: 55px;" type="text"/>			
TIPOLOXÍA DAS ACCIÓNS <input style="width:98%; height: 55px;" type="text"/>			
DATA INICIO PERÍODO DE EXECUCIÓN <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>		DATA FIN PERÍODO DE EXECUCIÓN <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>	
XESTIÓN	<input type="checkbox"/> Directa	<input type="checkbox"/> Indirecta	INDICAR A/S ENTIDADE/S OU ASOCIACIÓN/S <input style="width:95%; height: 30px;" type="text"/>
CUSTO DA ACTIVIDADE			
ACHEGA PROPIA <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>	ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>	OUTRAS ACHEGAS <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>	TOTAL <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>
NÚMERO DE ACCIÓNS <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>			
NÚMERO DE BENEFICIARIOS	HOMES <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>	MULLERES <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>	TOTAL <input style="width:95%; height: 20px;" type="text"/>

## ANEXO IV

**DECLARACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DE INTEGRACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCÍONS OU AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA**

ENTIDADE	DESCRIPCIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE

\* C/S, indicarse se foi concedida (C) ou solicitada (S)

NON FORON SOLICITADAS NIN CONCEDIDAS OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

## ANEXO V

**DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO E DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS ECONÓMICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

\_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, solicitante dunha subvención en representación do/a \_\_\_\_\_, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, así como do seu reforzo educativo, declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IGUALMENTE DECLARO:

Que a entidade solicitante se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ten pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración pública da comunidade autónoma.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

ANEXO VI

**CERTIFICADO DO GASTO REALIZADO**

\_\_\_\_\_, secretario/a, interventor/a do

Concello/Mancomunidade/Consortorio de \_\_\_\_\_,

CERTIFICA:

Que en relación coa resolución de subvencións a concellos, mancomunidades e consortorios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma de Galicia do

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, se realizaron gastos polos importes e conceptos seguintes:

EIXE	PROGRAMA	IMPORTE SUBVENCIÓN	IMPORTE XUSTIFICADO
EDUCACIÓN	1.1.a)		
	1.1.b)		
	1.1.c)		
	1.1.d)		
	1.1.e)		
	TOTAL EDUCACIÓN		
EMPREGO	1.2.a)		
	1.2.b)		
	1.2.c)		
	1.2.d)		
	TOTAL EMPREGO		
VIVENDA	1.3.a)		
	1.3.b)		
	1.3.c)		
	TOTAL VIVENDA		
SERVIZOS SOCIAIS	1.4.a)		
	1.4.b)		
	TOTAL SERVICIOS SOCIAIS		
MULLER	1.5.a)		
	1.5.b)		
	TOTAL MULLER		

E para que así conste, e para os efectos oportunos, asino esta certificación.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Visto e prace

O/A alcalde/sa-presidente/a do  
Concello/Mancomunidade/Consortorio

Asdo.: O/A secretario/a interventor/a do  
Concello/Mancomunidade/Consortorio

## ANEXO VII

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA**  
**(Deberá achegarse unha memoria por cada programa desenvolvido)**

DENOMINACIÓN DO EIXE			
<input type="text"/>			
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA			
<input type="text"/>			
CONCELLO/MANCOMUNIDADE/CONSORCIO			
<input type="text"/>			
RESPONSABLE DO PROGRAMA			
<input type="text"/>			
TELÉFONO DE CONTACTO		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO			
<input type="text"/>			
OBXECTIVOS E DESVIACIÓN RESPECTO DOS INICIALMENTE PREVISTOS			
<input type="text"/>			
<b>ORZAMENTO EXECUTADO</b>			
ACHEGA PROPIA	ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN	OUTRAS ACHEGAS	TOTAL DO PROGRAMA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>RECURSOS UTILIZADOS</b>			
HUMANOS			
<input type="text"/>			
OUTROS RECURSOS E INFRAESTRUTURAS			
<input type="text"/>			
<b>RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENTRO DO PROGRAMA</b>			
Nº DE FICHA	DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE		
1	<input type="text"/>		
2	<input type="text"/>		
3	<input type="text"/>		
4	<input type="text"/>		
5	<input type="text"/>		
6	<input type="text"/>		
7	<input type="text"/>		
8	<input type="text"/>		
9	<input type="text"/>		
10	<input type="text"/>		
CONCLUSIÓNS			
<input type="text"/>			

**FICHA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE**  
**(Deberá achegarse unha ficha por cada actividade desenvolvida)**

EIXE <input style="width:100%;" type="text"/>			
PROGRAMA <input style="width:100%;" type="text"/>			
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:100%;" type="text"/>		NÚMERO DE FICHA <input style="width:100%;" type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>			
ÁMBITO E LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>			
COLECTIVO A QUE SE DIRIXIU <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>			
TIPOLOXÍA DOS DISPOSITIVOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>			
TIPOLOXÍA DAS ACCIÓNS <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>			
DATA INICIO PERÍODO DE EXECUCIÓN <input style="width:100%;" type="text"/>		DATA FIN PERÍODO DE EXECUCIÓN <input style="width:100%;" type="text"/>	
XESTIÓN	<input type="checkbox"/> Directa	<input type="checkbox"/> Indirecta	INDICAR A/S ENTIDADE/S OU ASOCIACIÓN/S <input style="width:100%;" type="text"/>
<b>CUSTO DA ACTIVIDADE</b>			
ACHEGA PROPIA <input style="width:100%;" type="text"/>	ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN <input style="width:100%;" type="text"/>	OUTRAS ACHEGAS <input style="width:100%;" type="text"/>	TOTAL <input style="width:100%;" type="text"/>
NÚMERO DE ACCIÓNS <input style="width:100%;" type="text"/>			
NÚMERO DE BENEFICIARIOS	HOMES <input style="width:100%;" type="text"/>	MULLERES <input style="width:100%;" type="text"/>	TOTAL <input style="width:100%;" type="text"/>
IDADE (ANOS)	HOMES	MULLERES	TOTAL
MENOS DE 5	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
DE 6 A 11	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
DE 12 A 15	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
DE 16 A 17	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
DE 18 A 25	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
DE 26 A 30	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
DE 31 A 45	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
DE 46 A 65	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
MÁIS DE 65	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
NACIONALIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>



## ANEXO VIII

## LOGOTIPOS

Ministerio de Trabajo e Inmigración



Secretaría Xeral da Emigración



*Resolución do 1 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fan públicas as listas provisionais de solicitudes excluídas e pendentes de emenda, presentadas ao abeiro da Orde do 19 de febreiro, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009.*

De conformidade co disposto na Orde do 19 de febreiro de 2009, da Consellería de Cultura e Deporte, pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 (DOG nº 41, do 27 de febreiro), recibidas as solicitudes nos correspondentes servizos provinciais de Deportes, e rematada a fase de revisión da documentación achegada e de comprobación do grao de cumprimento dos requisitos establecidos na devantida orde, a Secretaría Xeral para o Deporte

**RESOLVE:**

Primeiro.-Publicar a lista provisoria de solicitudes excluídas por motivo de presentación fóra de prazo, por non estaren inscritas no rexistro de entidades deportivas e non cumpriren o obxecto da orde. Tal

relación recóllese no anexo I desta resolución ordenada por ADE e clubs e diferenciada por provincias.

Segundo.-Publicar a lista provisoria de solicitudes que se deberán emendar por presentar a documentación incompleta. Tal relación recóllese no anexo II desta resolución, ordenada por ADE e clubs e diferenciada por provincias.

Terceiro.-Estas listas expóranse nos taboleiros de anuncios dos servizos provinciais e da Secretaría Xeral para o Deporte.

Cuarta.-Os interesados poderán formular reclamacións, emendar erros e falta de documentación nun prazo de dez (10) días naturais contados desde a publicación das listas no *Diario Oficial de Galicia*, ante os respectivos servizos provinciais de Deportes e da Secretaría Xeral para o Deporte. Transcorrido este prazo sen que se emenden as deficiencias, terase o interesado por desistido da súa petición logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Ramón Lete Lasa  
Secretario xeral para o Deporte

## ANEXO I

## Lista provisoria de solicitudes excluídas e os motivos da exclusión:

## A Coruña

## ADE

Expediente	Nome da entidade	CIF	Solicitud fóra de prazo	Non inscrito no rexistro	Non se adecua ao obxecto da orde
CD945C-2009-446-01	<i>Agrupación Deportiva Compañía de María</i>	G15160500			X
CD945C-2009-447-01	<i>Agrupación Deportiva Esteiro</i>	G15244106			X

## Clubs

Expediente	Nome da entidade	CIF	Modalidade principal	Solicitud fóra de prazo	Non inscrito no rexistro	Non se adecua ao obxecto da orde
CD945C-2009-017-01	<i>Agrupación Deportiva e Cultural Vales Villamarín</i>	G15843162	Fútbol sala			X
CD945C-2009-114-01	<i>A.D.A. de ex-alcohólicos</i>	G15116239	Fútbol sala			X
CD945C-2009-113-01	<i>Deportivo Atalantes</i>	G70204649	Fútbol sala			X
CD945C-2009-115-01	<i>Ex-alcohólicos Morás</i>	G70205083	Fútbol sala			X
CD945C-2009-116-01	<i>Club Deportivo Comarca Lambre Mandeo</i>	G15854631	Atletismo			X
CD945C-2009-169-01	<i>S.D. Compostela</i>	A	Fútbol			X
CD945C-2009-308-01	<i>Club Deportivo Unión</i>	G15391865	Fútbol	X		
CD945C-2009-449-01	<i>Club Trc. Tierra Rallye Competición</i>	G70205216	Automobilismo		X	
CD945C-2009-448-01	<i>Asociación \xogros Tradicionais de Compostela\</i>	G70144894	Outras		X	X
CD945C-2009-450-01	<i>Asociación Deportiva Fútbol Veteranos Corcubión</i>	G70186044	Fútbol		X	X